

DÍA INTERNACIONAL DO MUSEO 2015

Programación especial no MARCO

Venres 15, sábado 16 e domingo 17 de maio

ENTRADA LIBRE E GRATUÍTA

Horario de apertura: venres, sábado e domingo de 11.00 a 14.30 e de 17.00 a 21.00 (ampliación de horario o domingo pola tarde)

Día Internacional do Museo 2015

Museos para unha sociedade sostible

Como cada ano dende 1977, o ICOM (Consello Internacional de Museos) convida aos museos do mundo enteiro a celebrar o 18 de maio o Día Internacional do Museo, creado para promover o interese xeral pola xestión e as actividades dos museos e centros de arte. O lema para o DIM 2015 é 'Museos para unha sociedade sostible', que pon de manifesto o papel que xogan os museos á hora de sensibilizar ao público sobre a necesidade dunha sociedade menos debaldidora, máis solidaria e que utilice os recursos dun xeito máis respectuoso cos sistemas biolóxicos.

<http://network.icom.museum/international-museum-day/L/1/>

Unha vez máis, o MARCO súmase a esta celebración e ofrece unha programación especial na fin de semana do **16 e 17 de maio**, con actividades para públicos de todas as idades, xunto coas **exposicións** que nesas datas se exhiben en salas: a retrospectiva de FRANCISCO MANTECÓN na planta baixa, a mostra *Cismadores* de MAURO CERQUEIRA no Anexo; e o proxecto PORT AUTHORITY do artista lituano Gintaras Didžiapetris, que se clausura o domingo 17 de maio nas salas do primeiro andar.

Na programación da fin de semana DIM destaca o ciclo **MARCO Escena**, comisariado por Pablo Fidalgo Lareo, ademais doutras actividades específicas —taller de *scrapbooking* na Biblioteca-Centro de documentación, programación do Laboratorio das Artes, visitas guiadas— para público infantil e adulto.

MARCO Escena

Programa de artes escénicas comisariado por Pablo Fidalgo Lareo

Venres 15, sábado 16 e domingo 17 de maio

Entrada gratuíta. Aforo limitado

Recollida de entradas en taquilla unha hora antes de cada actuación, ata completar aforo

CALENDARIO E HORARIOS

Venres 15

Urândia Aragão

Fio condutor

Horario: ás 18.00 (1º pase) e ás 20.00 (2º pase)

Lugar: sala perimetral B1 (1º andar)

Máximo 28 asistentes por sesión

Sábado 16

Urândia Aragão

Fio condutor

Horario: ás 11.30 (1º pase) e ás 13.30 (2º pase)

Lugar: sala perimetral B1 (1º andar)

Máximo 28 asistentes por sesión



Sábado 16

Branca Novoneyra

Parada

Horario: ás 18.00

Lugar: sala frontal B2 (1º andar)

Diego Anido

La piel de mi familia

Horario: ás 19.00

Lugar: sala frontal B2 (1º andar)

Ana Borralho & João Galante

Só há uma vida e nela quero ter tempo para construir-me e destruir-me

Horario: ás 20.00

Lugar: salón de actos

A obra de Ana Borralho & João Galante estará protagonizada por adolescentes entre 15 e 18 anos da área de Vigo, participantes no taller que levarán a cabo os artistas no MARCO, do 9 ao 14 de maio.

Foto: Ana Borralho & João Galante



Mis documentos

Ciclo de conferencias performativas
comisariado por Lola Arias, coa asistencia
de Sofía Medici

Domingo 17

Uxía P. Vaello

Fantasma

Horario: ás 18.00

Lugar: sala frontal B2 (1º andar)

Ana Borralho & João Galante

Só há uma vida e nela quero ter tempo para construir-me e destruir-me

Horario: ás 20.00

Lugar: salón de actos

Mis documentos

Ciclo de conferencias performativas
comisariado por Lola Arias, coa asistencia
de Sofía Medici

MARCO Escena

Programa de artes escénicas comisariado por Pablo Fidalgo Lareo

Venres 15, sábado 16 e domingo 17 de maio

Urândia Aragão

Fio condutor

Estrea o 29 de maio de 2014 no Festival Alkantara, Lisboa

Concepto e dirección artística: Urândia Aragão

Apoio dramaturxico: Rui Catalão

Apoio artístico: Carlos Manuel Oliveira

Luz: Thomas Walgrave

Son: David Leitão

Escenografía: Urândia Aragão

Asistencia escénica: Catarina Prata

Voces: Elena Castilla, Isabel María Gil, Iria Fernández Mouriz, Marta Viana Tomé, Marta Fernández

Caballero, Pablo Fidalgo Lareo, Paula Pintos Ureta, Ramón Ibañez, Virginia Guille, Xoana e Dora das Neves

Residencias artísticas: Espaço Alkantara e Atelier RE.AL

Produción: Départs co apoio do Programa Cultura da Unión Europea

Coprodución: Alkantara

Co apoio de: casaBranca e Fundação Gulbenkian

Agradecementos: Laura Lopes e Rui Aguiar

**ALKA
ANT
ARA**



FUNDAÇÃO
CALOUSTE
GULBENKIAN

ATELIER
RE.AL

CASABRANCA

DÉPARTS

Espectador, não te assustes. Vais deparar-te com muitas pontas soltas e vai depender de ti encontrar-se um fio condutor. Serás parte integrante do que vier a acontecer. Que todas essas pontas soltas possam constituir uma trama uniforme, com os seus padrões e formas reconhecíveis, é uma hipótese que só a felicidade do momento poderá revelar.

Fio condutor dramatiza e pon en escena voces do espazo público, discursos na cidade, historias de vidas anónimas, en forma de fragmentos de monólogos e conversacións cotiás que o público é invitado a compartir e reproducir de forma individual, a dúo, ou a coro.

Fio condutor explora a cidade a través dos corpos que a habitan, o espazo e o cotián como materia plástica, na relación entre imaxes habitadas por corpos e corpos habitados por imaxes. É unha viaxe, tanto virtual como física, por lugares onde o mundo e a imaxinación se funden...

Urândia Aragão é unha artista interdisciplinar. Formouse en Deseño Gráfico e de Interfaces Multimedia antes de iniciar a súa formación en Artes Performativas - Danza, Investigación e Creación Coreográfica. Na súa investigación explora disciplinas —como o deseño, a fotografía, o vídeo e a escritura— en relación co corpo. O seu traballo ten lugar na interface entre a vida e a arte, explorando o interface da performance como procura de novos medios de relación e experimentación colectiva. *Fio condutor* é o resultado dun ciclo de tres residencias artísticas ao longo de 2013 en Espaço Alkantara (Lisboa), e estreouse no Festival Alkantara 2014.

MARCO
MUSEO DE ARTE CONTEMPORÁNEA DE VIGO

FUNDACIÓN MARCO: Concello de Vigo, Xunta de Galicia,

Ministerio de Educación, Cultura y Deporte

R/ Príncipe 54. 36202 Vigo, Pontevedra. Tel: +34 986 113900. Fax +34 986 11 39 01

info@marcovigo.com | www.marcovigo.com

Mis documentos

Ciclo de conferencias performativas

comisariado por Lola Arias coa asistencia de Sofía Medici

Estrea o 12 e 13 de febreiro de 2015 no *Festival Escenas do cambio*, Santiago de Compostela

Mis documentos é un ciclo de conferencias performativas onde artistas de distintas disciplinas presentan unha investigación persoal, unha experiencia radical, unha historia que lles obsesiona secretamente. É un ciclo de formato mínimo: o artista en escena cos seus documentos. Unha forma de facer visibles esas investigacións que ás veces se perden nunha carpeta sen nome no ordenador. A poeta Branca Novoneyra presenta *Parada*, unha volta á súa aldea, un lugar de trece casas onde pasou unha infancia sen nenos. O actor e escritor Diego Anido saca a relucir estraños segredos familiares en *La piel de mi familia*. A coreógrafa Uxía Vaello trata de descubrir por que o seu avó José Vaello, un republicano atípico, estivo detido na Illa de San Simón.

Branca Novoneyra

Parada

Texto: Branca Novoneyra

Vídeo: Xes Chapela

Parada é un documento no que a poeta Branca Novoneyra retorna a Parada, unha pequena aldea na Serra do Caurel onde pasou os primeiros anos da súa infancia. A despoboación da serra relaciónase cos recordos infantís e documentos familiares que trazan unha viaxe acelerada de volta ao mundo rural esquecido, onde aínda permanecen os últimos resistentes.

Branca Novoneyra (Lugo, 1976) comezou creando pezas que conectaban a danza coa palabra. Publicou dous libros de poemas, *Dentro del laberinto* (2009) e *Cristal escuro* (2012), e foi unha das gañadoras de La Voz + Joven de Obra Social Caja Madrid en 2010. Na actualidade colabora con diversos medios e estruturas culturais en proxectos escénicos e poéticos, e coorganiza o ciclo de lecturas poéticas *Picaversos* en Santiago de Compostela.



Diego Anido

La piel de mi familia

Texto: Diego Anido

Música: Rafa Anido

La piel de mi familia é unha peza na que Diego Anido recrea a súa historia familiar, dende os seus avós ata os nosos días, reflexionando sobre as relacións, a paisaxe e o futuro, acompañado ao final pola música do seu irmán Rafa Anido.

Tras anos de adicción á televisión e un correcto fracaso escolar, Diego Anido (Santiago, 1976) inicia en 2002 a súa formación en artes escénicas en Santiago de Compostela. En 2004 trasládase a Barcelona co obxectivo de ampliar a súa formación en “movemento”. Durante este período colabora como actor, performer, bailarín, creador, director... en diferentes colectivos e compañías como AREATangent, Raravis-Andrés Corchero-Rosa Muñoz, IndiGest, Voadora, Lola Arias... e forma parte de Agrupación Señor Serrano, con xiras por todo o mundo. Creou catro pezas en solitario: *Paperboy* (2004), *El Alemán* (2006), *Cucaracha* (2009) e *Symon Pédicrí* (2013).



Foto: Manuel G. Vicente

Uxía P. Vaello

Fantasma

En *Fantasma*, Uxía Vaello intenta reconstruír a vida do seu avó, José Vaello, un republicano algo excéntrico, que pasou dous anos na Illa de San Simón como preso preventivo durante a Guerra Civil española. A peza é un caderno de bitácora, na que se presentan os datos da investigación de Uxía a partir dos poucos documentos e obxectos persoais do seu avó que aínda conserva.

Uxía P. Vaello (Vilagarcía de Arousa, 1978) traballa como creadora, intérprete e deseñadora de vestuario nas áreas do teatro e da danza dende 2007. Compaxina a creación das súas propias pezas (*Arder nun hotel*, *Play*, *Assemblage*, *Rewind*. *Fantasías en 1987*) co seu labor para outras compañías, como Voadora, coa que traballa de forma continuada dende 2010.



Foto: Manuel G. Vicente

Ana Borralho & João Galante

Só há uma vida e nela quero ter tempo para construir-me e destruír-me

A peza escénica de Ana Borralho e João Galante está protagonizada por un grupo de adolescentes da área de Vigo, participantes no obradoiro dirixido polos artistas do 9 ao 15 de maio no MARCO.

Estrea o 4 de abril de 2015 en Lagos, Portugal

Concepto, dirección artística, espazo e deseño de luz: Ana Borralho & João Galante

Texto orixinal: Pablo Fidalgo Lareo

Traducción: Francisco Frazão

Banda sonora orixinal: Coolgate, Pedro Augusto

Asistencia en ensaios: Catarina Gonçalves

Colaborador artístico: Tiago Gandra

Son: Pedro Augusto

Producción executiva: Andrea Sozzi

Dirección de produción: Mónica Samões

Performers: Nerea Conde Rodríguez, Elena Corcobado Fernández-Colmeiro, Ana Rivero González, Nahuel Rodríguez Losantos, Lena Landqvist Souto, Sara Faro Lubiáns, Martín Vicente Fábregas, Ana Domínguez Gil

Produción: casaBranca

Coprodución: Culturgest / Projecto Panos - Palcos Novos Palavras Novas (Texto orixinal: Pablo Fidalgo Lareo, Tradución: Francisco Frazão)

Co apoio de: Cámara Municipal de Lagos, Centro Cultural de Lagos, Espaço Jovem, TEL - Teatro Experimental de Lagos, LAC - Laboratório de Actividades Criativas (LAR Residência), Culturgest, Agrupamento de Escolas Gil Eanes - Escola Secundária Gil Eanes, Alkantara

Agradecementos: IES Rosais 2 (Vigo), IES Alexandre Bóveda (Vigo), IES Álvaro Cunqueiro (Vigo), IES Salvaterra de Miño, ESAD Escola Superior de Arte Dramática de Galicia (Vigo), Vagalume Teatro (Vigo)

Fronte a fronte co seu público, un grupo de adolescentes propoñe falar do que significa, ou do que creen significa, ser un "ser libre". Cun futuro que non promete máis có recoñecemento das vellas regras dun sistema social e político moribundo, defenden un futuro que pretenden reclamar na súa plena liberdade.

A partir dun texto orixinal de Pablo Fidalgo Lareo, estes mozos pretenden engulir o mundo, mastigalo e devolve-lo ao seu público, pero este proceso implica o desenvolvemento dun veneno, en forma de palabras, creado para poder pensar o sistema entrópico no que estamos todos inmersos.

Ana Borralho & João Galante coñecéronse cando estudaban artes plásticas en Ar.Co. Como actores/co creadores traballaron regularmente co grupo de teatro Olho. Dende 2002 traballan en común en áreas como a performance, danza, instalación, fotografía, son e vídeo. Dende 2004 os seus traballos presentáronse en festivais internacionais en Portugal, Francia, España, Suíza, Escocia, Brasil, Alemaña, Inglaterra, Austria, Italia, Emiratos Árabes Unidos, República Checa, Eslovaquia, Eslovenia, Finlandia e Bélxica. Das pezas creadas conxuntamente destacan *Mistermissmissmister*, *sexyMF*, *No Body Never Mind*, *World of Interiors*, *Untitled*, *Still Life*, *Atlas*, *Linha do Horizonte* e *Art Piss (on money and politics)*. Viven e traballan entre Lisboa e Lagos (Portugal).

[RECREA]SCRAP

Taller de *Scrapbooking* con postais de arte

Sábado 16 de maio

Taller de *Scrapbooking* para público adulto

Data e horario: sábado 16 de maio en 2 sesións:

Grupo 1: horario de mañá, de 11.00 a 13.00

Grupo 2: horario de tarde, de 18.00 a 20.00

Lugar: Biblioteca-Centro de Documentación do MARCO

Máximo 10 participantes por sesión

Inscripción: o taller é gratuito e as prazas cubriranse por orde de inscrición, enviando un e-mail a centro.documentacion@marcovigo.com onde conste nome, apelidos, e-mail e teléfono.

Se o taller está completo farase unha lista de espera e avisarase se quedaran vacantes.

Materiais: os participantes traerán algunha fotografía e, se queren, instrumentos que se poidan compartir (troqueladoras, selos, tesouras de formas ...). No obradoiro estarán dispoñibles estes materiais e outros similares.

Un *scrapbook* é literalmente un “álbum de recortes”. Na actualidade, esta técnica recuperouse engadíndolle o uso de selos, troqueladoras, papeis decorativos e moitos outros elementos, e, estendeuse máis alá dos álbums ilustrados, á creación de tarxetas de felicitación, libros de receitas e todo tipo de obxectos. Coincidindo coa fin de semana en que celebramos o Día Internacional do Museo —que este ano está relacionado co mundo sustentable e a reciclaxe— a Biblioteca-Centro de documentación do MARCO organiza unha actividade de *Scrapbooking*, concibida como obradoiro para público adulto. Para iso, poñemos a disposición dos participantes todas as ferramentas e decoracións posibles do *Scrap*, xunto con invitacións en papel que se reciben no Museo ao longo do ano, realizadas con múltiples papeis e increíbles materiais, que se combinarán á perfección nas creacións do obradoiro.



TUNEANDO!

Obradoiros infantís para público familiar

Sábado 16 e domingo 17 de maio

Para nenos/as a partir de 3 anos, sós ou acompañados de adultos

Horarios: sábado 16 e domingo 17 de maio, de 12.00 a 14.00 e de 18.00 a 20.00

Lugar: Laboratorio das Artes (1º andar)

Coincidindo coa fin de semana do DIM, no Laboratorio das Artes preparamos unha montaña de obxectos e materiais utilizados ao longo destes meses nos talleres infantís. Agora dependerá de nós atopar as pistas para tunear e converter estes obxectos noutras cousas... Que acontecerá...? Antes de entrar nos talleres, cada participante pode recoller na taquilla do MARCO a pulseira da FEAM que o identificará como Amig@ dos Museos.

O MARCO POR DENTRO

Visitas guiadas ás exposicións

Horario: venres 15, sábado 16 e domingo 17 de maio, ás 12.30, 17.30 e 19.30

Lugar: salas de exposición da planta baixa, do 1º andar, e Anexo

Percorrendo os espazos do MARCO na compañía dos monitores de sala, descubriremos novos itinerarios e contidos a través da abstracción xeométrica de FRANCISCO MANTECÓN; das historias que nos contan os *Cismadores* de MAURO CERQUEIRA; e do recinto aduaneiro creado por Gintaras Didžiapetris en PORT AUTHORITY; unha exposición creada a xeito de depósito, un lugar no que a vida observable dos obxectos conforma unha visión particular do mundo.

Restaurante Miguel Oliveira

Con ocasión da fin de semana do DIM, o restaurante Miguel Oliveira abrirá o domingo 17 de maio, con servizo de cafetería dentro do horario do Museo, ademais do venres e sábado como é habitual.

+ INFO

Departamento de Comunicación (Marta Viana)

Tel. +34 986 11 39 08 / 11 39 04 / 11 39 00 marta.viana@marcovigo.com

www.marcovigo.com / <http://www.facebook.com/marcovigo/> @MARCOVigo3



MUSEO DE ARTE CONTEMPORÁNEA DE VIGO

FUNDACIÓN MARCO: Concello de Vigo, Xunta de Galicia,

Ministerio de Educación, Cultura y Deporte

R/ Príncipe 54. 36202 Vigo, Pontevedra. Tel: +34 986 113900. Fax +34 986 11 39 01

info@marcovigo.com | www.marcovigo.com